

O *monterismo* en Galicia

MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Dende a experiencia da Revolución francesa e as ideas que propagou nas sociedades de Europa occidental pretendeuse responder á cuestión do fundamento da lexitimación do poder, ¿era de esencia divina ou residía na soberanía dos cidadáns? Arredor desta dicotomía consolidáronse as familias políticas ao longo do século XIX, a tradicionalista e contrarrevolucionaria unha, e as familias liberal e democrática as outras.

O enfrontamento entre liberais e demócratas acada un carácter maior dende o momento no que a Revolución industrial modifica as condicións da vida cotiá. Comeza o rexeitamento do proteccionismo estatal e a defensa da liberdade, non só a nivel político senón tamén a nivel económico e social; pero o liberalismo “progresista” faise conservador e contra el xorden novas familias políticas: o socialismo e o anarquismo.

Pero durante a maior parte do século XIX a realidade das familias políticas era unha nebulosa onde os únicos elementos activos foron as elites, posuídas de mandato a partir dunha elección moi parcial e onde as redes clientelares tiveron un papel fundamental para o funcionamento do sistema. Para o caso das elites de finais do século XIX en Europa occidental o liderado que as distinguía baseábase sobre todo nas funcións “importantes” que desenvolvían dentro da consideración social do momento.

O paso do Estado liberal ao democrático foi gradual nos diversos países de Europa e sucedeu baixo axitacións sociais e contrastes dentro das familias políticas. Xunto a isto, no século XIX o sistema liberal construíuse sobre vínculos

clientelares ligados ao desenvolvemento de partidos políticos de notables¹ dentro desas familias políticas das que falamos.

Neste momento foi tamén cando determinadas formas de estruturación dos partidos e dos estados favorecen a consolidación das clientelas políticas como medio de control dos electores e da integración das rexións periféricas, nun contexto de fragmentación territorial e debilidade xeral das institucións estatais. A eclosión da sociedade de masas aínda era moi incipiente, sobre todo en estados onde a crise finisecular tivo pésimas consecuencias, caso de España e Italia, polo mesmo feito de seren países pouco integrados na economía internacional, desencadeando en boa medida a emigración masiva a América².

Durante as décadas de 1870 e 1880 no liberalismo europeo aconteceu o que Paolo Pombeni chama a “transformación da política”, unha densidade de elementos que van dende importantes reformas electorais nalgúns estados como a etapa bismarkiana en Alemaña, a experiencia da III República francesa, a substitución da *Destra Storia* pola *Sinistra* na nova Italia e o fenómeno do “transformismo”, ata a proclamación da Restauración borbónica en España e o “turnismo” pacífico no goberno.

A progresiva separación de poderes, a participación popular na elección dos executivos alternantes e unha independencia cada vez maior do poder efec-

-
- 1 Os partidos de notables, tamén chamados de parlamentarios, atopábanse dominados por uns poucos individuos e controlados pola clase propietaria, burgueses e aristócratas sobre todo, e por algunhas clases medias que comezan a xermolar coa revolución liberal. Non eran partidos políticos de masas cunha organización ampla, centralizada e dependente dos resultados das eleccións. Dende o punto de vista institucional tampouco asumían a representación de ningún interese, non contaban con afiliados inscritos formalmente e non posuían personalidade xurídica; viñan a ser grupos de parlamentarios con clientelas a escala rexional e local que lles servían de apoio á hora de ser elixidos nos comicios a cambio de favores dispensados dende o lexislativo e o executivo. Para unha análise dos partidos políticos a obra clásica é a de Duverger, Maurice (1961): *Los partidos políticos*, México, Fondo de Cultura Económica. Unha obra máis recente é a de Pombeni, Paolo (1992): *Introduction à l'histoire des partis politiques*, París, PUF; unha obra máis concreta sobre Europa durante o derradeiro cuarto do século XIX é tamén a de Pombeni, Paolo (1986): *La trasformazione politica nell'Europa liberale, 1870-1890*, Bolonia, Il Mulino. Para o caso concreto de Francia, ver Huart, Raymond (1996): *La Naissance du Parti politique en France*, París, Presses de Sciences Politiques; ver tamén Hanley, David (2002): *Party, Society, Government. Republican Democracy in France*, New York-Oxford, Berghahn Books. Para o caso de Italia, ver Quagliariello, Gaetano (1990): *Il Partito politico nella Belle Époque. Il dibattito sulla forma-partito in Italia tra '800 e '900*, Roma, Guiffrè; ver tamén o libro de Noiret, Serge (1994): *La nascita del sistema dei partiti nell'Italia contemporanea. La proporzionale del 1919*, Piero Lacaita, Manduria-Bari-Roma. Un artigo tamén interesante é o de Ullrich, Hanns (1985): “Parlamenti, partiti, elezioni nell'Italia liberale”, en Brigalia, Manlio (1985): *L'Origine di partiti nell'Europa contemporanea (1870-1914)*, Bolonia, Il Mulino.
 - 2 Véxase Baines, Dudley (1995): *Emigration from Europe 1815-1930*, Cambridge, University Press; para o caso de España consultar o libro de Yáñez Gallardo, César (1993): *La emigración española a América: siglos XIX y XX. Dimensión y características cuantitativas*, Colombres, Archivo de Indios; para o caso de Italia, véxase a obra dirixida por Bevilacqua, Piero; Clementi, Andrina de e Franzina, Emilio (2001): *Storia dell'emigrazione italiana*, Donzelli, Roma; para o caso particular de Galicia, a obra de Villares, Ramón (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Col. A nosa diáspora.

tivo foi o devir histórico que levou ás sociedades civís independentes dotadas de administracións neutrais e competitivas, pero foi esta unha realidade que non se acadou en verdade ata a Primeira Guerra Mundial.

1. Europa sur-occidental

Os países mediterráneos constituíron un excelente terreo para o desenvolvemento do clientelismo político, pero non é un fenómeno exclusivo desta macrorrexión. O caciquismo é unha práctica estendida en contextos sociais con inseguridade, privatización e concentración do poder. Pero isto non significa tampouco que o clientelismo sexa a outra cara da moeda da modernidade, como sinalaba a historiografía máis tradicional. Máis que analizar e presentar a corrupción, débese afondar nas relacións entre política oficial e política oficios³; o estudo da fronteira que separa ambas as dúas é onde se atopa o centro da política clientelar.

Poderíase dicir que o clientelismo comporta, como instrumento ou medio de penetración territorial do Estado, un elemento paradoxal: por unha banda participa na penetración das comunidades nun conxunto máis extenso; pola outra, é un obstáculo á realización do obxectivo último desa mesma integración, a modernización política⁴. Esta dimensión paradoxal mantívose coa aparición de novos grupos políticos que non foron en realidade un obstáculo insalvable; todo o contrario, o clientelismo pasou a ser un medio indispensable para a adaptación das novas condicións da política dende finais do século XIX⁵. O desenvolvemento da modernidade política coa aparición dos partidos de masas e a burocratización do Estado aconteceu sen que as prácticas clientelares desaparecesen; mesmo foron axentes activos desa modernización⁶. Isto tamén demostra que a modernización non se pode explicar como un movemento uniforme a través do que se acadan os ideais que o sosteñen.

Atopar o significado do caciquismo en termos de poder a través dos aspectos sociais e económicos ademais de políticos foi a meta das últimas investigacións. Estudar os liderados en función non só de elementos políticos senón

3 É este o enfoque que Gabriella Gribaudi e Luigi Musella lle dan ao seu artigo “Acteurs et représentations de l’échange politique. Clientélisme et corruption à Naples à travers les enquêtes judiciaires”, en Briquet, Jean-Louis et Sawicki, Frédéric (dirs.) 1998: 277-306.

4 Luigi Graziano é un dos maiores defensores desta tese tan explícita, a de presentar o clientelismo como un obstáculo á institucionalización da autoridade das institucións públicas. Véxase Graziano 1984: 53-54. As interpretacións sobre o obstáculo á modernización e da disfunción da democracia sobreviven e impúxéronse ata non hai moito tempo como teses privilexiadas sobre o clientelismo nas sociedades modernas. Véxase Cazorla Pérez 1995: 35-51.

5 Simon-Ékovich 1987: 445-466.

6 Briquet, Jean-Louis (1998): “La politique clientélaire. Clientélisme et processus politiques”, en J. L. Briquet et F. Sawicki (dirs.) 1998: 26.

tamén afondando nos mecanismos que facilitaron o mantemento no poder axudan a comprender mellor a “institucionalización” que acadou o caciquismo e a complexidade do mesmo. A posición económica, o recurso ao “capital social”, o control da opinión pública ou as vinculacións coas maquinarias estatais dos partidos, derivados en moitas ocasións dunhas “relacións persoais” que podían mesmo chegar a antepoñerse ao interese político, son aspectos que completan a actividade meramente política.

Estas derradeiras achegas levan a considerar con reservas a visión tradicional sobre a política “descendente” da Restauración⁷. Tamén en España dende finais do século XIX se sucederon transformacións económicas e sociais que iniciaron o camiño cara á politización do medio rural e amosan unha visión “ascendente”, dende a participación local no exercicio da política como a máis axeitada á hora de estudar esta etapa⁸.

1.1. España: restauración borbónica, *turismo* pacífico e caciques

Durante a etapa isabelina (1843-1868) o favor e a recomendación xa se desenvolveran a través do clientelismo, pero foi na etapa sucesiva da Restauración borbónica (1874-1923) cando acadan a súa máxima expresión ao ampliarse o recurso ao poder público como fonte de favores clientelares. Por este tempo as redes de “amigos políticos” e os caciques viñeron a definir o sistema político a través do fomento do padroado e a manipulación electoral. Os notables foron conscientes da necesidade de exercer un control efectivo sobre a sociedade como fórmula de xestionar os seus intereses e asegurar a pervivencia dunha orde social que os favorecía.

O réxime monárquico restaurado polo pronunciamento do xeneral Martínez Campos en Sagunto (Valencia) o 29 de decembro de 1874 trouxo consigo un novo sistema político, o “turnismo” ou alternancia pacífica no poder entre conservadores e liberais, instaurado “oficialmente” a partir do *Pacto del Pardo* entre Cánovas e Sagasta tras o pasamento do rei Alfonso XII en 1885 pero que fora artellado por Antonio Cánovas del Castillo, *leader* dos conservadores, e posto en práctica dende 1881, cando se nomea o primeiro goberno liberal da Restauración con Sagasta como presidente.

A xustificación final da implantación desta alternancia dos partidos dinásticos foi a de que por unha banda os militares perderan o protagonismo que tiveran ata entón no Goberno e pola outra manter as outras agrupacións (republicanos, socialistas, rexionalistas e carlistas) afastadas do poder.

7 Zamora 1963: 626.

8 Cruz Artacho 1996: 199 e ss.

Neste contexto o cacique era unha persoa que exercía o poder nunha determinada localidade, provincia ou rexión, vinculado a través dun partido político cun oligarca e que mantiña a colectividade sobre a que exercía o poder en situación de clientela a través dunha rede de relacións informais e paralelas á orde institucional⁹. A partir de aquí, o caciquismo viría a ser a variante española do clientelismo político que se estaba a desenvolver por Europa como paso previo á desaparición do liberalismo e ao nacemento das democracias.

Os caciques, como personaxes que exercían o “control político” nunha área determinada e sen ningún tipo de soporte legal, tiñan “importancia” pola súa capacidade para establecer unha rede de persoas ou grupos sometidos a eles baixo unha relación diádica que se traducía no apoio aos primeiros e na mobilización política dos segundos nos episodios electorais. Este sistema permitiu a participación da poboación á marxe do xogo político, aínda que non era unha participación libre e, polo tanto, non contribuíu a favorecer o desenvolvemento dunha política moderna¹⁰, aínda que axudou a sentar as bases da participación cidadá nas eleccións fronte ao absentismo. Neste sentido pódese considerar ao caciquismo un certo valor “positivo” ou compoñente de “modernización”. Fíxose posible a participación política dunha parte da sociedade nun momento no que non se daban as condicións axeitadas para que se levase a cabo¹¹.

O cacique cumpría ademais unha función social: era o único personaxe que podía transmitir aos poderes centrais as necesidades de orde material, o personaxe que velaba polos intereses máis inmediatos. Os homes de prol ou “grandes caciques”, oligarcas do caciquismo, viñeron a ser os verdadeiros “protectores” da poboación, aqueles que ostentaban cargos na política central de Madrid e que se mantiñan en contacto cos seus distritos a través da relación cos principais caciques locais que formaban parte da súa complexa rede clientelar a nivel provincial e rexional.

Pero o emprego arbitrario destas atribucións levou á corrupción no seu estado máis puro; os caciques empregaban os recursos públicos como xeito de favorecer os adictos e relegar os contrarios, difundindo así a discriminación entre os cidadáns, algo que contrastaba coa declarada igualdade do sistema liberal.

1.2. O caso de Galicia

O poder das elites agrarias nas deputacións provinciais galegas foi constante dende o comezo do liberalismo, igual que aconteceu coa maioría dos deputados

9 Moreno Luzón, 1995: 194.

10 Carasa Soto 2001: 177.

11 Seco Serrano 2000: 277 e ss.

e senadores de orixe galega. Ademais dos “cuneros” de costume, a elite galega estaba formada por fidalgos, pequena nobreza e sectores profesionais e do comercio. Os máis tradicionais viñan xa de familias políticas recoñecidas na comunidade, caso dos Vázquez Queipo, dos Figueroa ou do conde de Pallares.

Unha primeira renovación das elites políticas acontece na etapa do Sexenio, un tempo de debate doutrinal e de renovación que tamén chegou a Galicia. Entre os novos representantes que aparecen nestes anos atopamos un grupo importante que se dicían progresistas, como Rodríguez Seoane e Montero Ríos, outros unionistas, como Romero Ortiz, e outros demócratas ou “cimbrios”, entre os que destacamos a Becerra e a Gasset. Os republicanos como Eduardo Chao tamén acadaron relevancia na comunidade a partir sobre todo do discurso agrarista en defensa da redención foral. Estes novos representantes da política procedían de sectores comerciais e outras profesións liberais emerxentes dende agora: xornalistas como Gasset y Artime e Urzaiz y Cuesta, economistas e banqueiros como Riestra e Bustelo e avogados que comezaban a ter recoñecemento como Montero Ríos e os Bugallal. Novas elites e novos membros que eclosionan dende o Sexenio e que se consolidaron como figuras políticas nos anos sucesivos.

Unha vez que se inicia a etapa da Restauración a convivencia entre os representantes do grupo liberal foi un tanto áspera polo enfrontamento aberto entre dous dos seus máximos representantes na rexión, Vega de Armijo e Montero Ríos. Os adversarios eran sobre todo o conde de Pallares, os Ordóñez e os Bugallal, xefes indiscutibles do partido conservador.

Todas estas “plataformas políticas” que se desenvolven en Galicia arredor dos partidos “turnantes” chegaron a acadar unha forza extraordinaria, mesmo despois do desastre do 98. Os *leaders* destas “plataformas” fixeron emprego absoluto do nepotismo e a “xenrocracia” para chegar a desenvolver tupidas redes clientelares. Posuían residencias palacianas, verdadeiras manifestacións de poder e dominio; moitas destas emblemáticas construcións atopábanse, e aínda hoxe se conservan, no litoral pontevedrés, onde o clima acompañaba. Lugares de descanso que se converteron en auténticas “quintas políticas” ás que acudían os máximos representantes da política do momento ademais dos caciques provinciais e locais (deputados, gobernadores civís, alcaldes e concelleiros) para xestionar a concesión de cargos e favores; tamén aquí ían en manifestación ou comisión os representantes dos diferentes grupos populares coa intención de solicitar intercesión e prebendas. Vega de Armijo posuía o Castelo de Soutomaior en Mos; Riestra, o predio da Caeira; Montero Ríos a emblemática Granxa de Lourizán; etc.

Porén, a realidade do caciquismo galego non ten diferenzas sobresaíntes con respecto ao desenvolto no resto das rexións do Estado durante esta etapa; foi un máis dos exemplos de política clientelar da Restauración. Unha división

demasiado simplista quizais, pero que nos axudará a ver o control que os partidos dinásticos tiñan sobre os distritos galegos sería a seguinte:

1. Na provincia da Coruña algunhas das importantes familias políticas rivalizaban cos deputados dos “distritos enfeudados” dando paso a unha situación política delicada que se fixo complexa unha vez que as divisións internas entre os partidos “turnistas” eran xa irreconciliables. O distrito da capital herculina caracterizárase sempre pola súa condición esquerdista e o feito da unión a este dos concellos de Carballo e Carral a partir da lei electoral de 1878 podería xustificarse como medida eficaz para favorecer os sectores máis conservadores e afogar o peso do voto republicano da cidade.

2. A provincia de Pontevedra foi a que desenvolveu unha maior complexidade á hora de analizar a súa xeografía da influencia. Zona de recreo de moitos homes de prol galegos, estivo dividida por representantes de ambos os bandos, pero en liñas xerais predominaron máis as tendencias liberais que as conservadoras, sobre todo nos distritos do norte e boa parte da costa, mentres que os conservadores bugallalistas dominaban máis cara ao interior e o sur.

3. A familia conservadora dos González Besada foron os máximos representantes na provincia de Lugo e contaban ademais coa representación de Cambados (Pontevedra); o patriarca, Augusto, foi considerado como o presidente de honra dos caciques¹².

4. Na provincia de Ourense foi case exclusivamente a familia dos Bugallal a que controlou e dominou os distritos do interior e en estreita relación co home de prol e “primate” conservador Raimundo Fernández Villaverde. O seu rival liberal na provincia foi o sagastino Vicente Pérez y Pérez, moi vencellado á banca local e que acadou ser deputado polo distrito de Ourense entre 1872 e 1919.

1.3. A “plataforma política” do *monterismo*

Nas provincias onde basicamente tivo arraigo a plataforma *monterista* foi na da Coruña, sobre todo no distrito de Santiago, e na de Pontevedra. As loitas internas que dende 1898 sacudiron os partidos dinásticos tamén se fixeron sentir en Galicia. Montero Ríos atopábase disidente coa facción máis conservadora do seu partido representada por Linares Rivas e en boa medida isto, xunto con outros aspectos de confrontación interna, aproximou a este cara aos conservadores. O prócer galego contaba ademais dende 1891 co grande apoio do xornal máis representativo do norte da rexión, *La Voz de Galicia*, unha vez que o seu director, o militar republicano Juan Fernández Latorre, se vencella ao *monterismo* para poder representar unha acta no congreso.

¹² *A Nosa Terra*, 21 de marzo de 1918.

Para o caso da provincia da Coruña, foron varios os distritos *monteristas*:

1. O distrito de Santiago, o “feudo caciquil” por excelencia do *monterismo*. José Montero acadara xa a representación deste distrito entre 1871-1873, pero de xeito definitivo foi Eugenio Montero Ríos o que se posicionou na acta dende 1886. A representación mantívoo ao seu nome ata 1889, cando foi nomeado Senador vitalicio. O seu sucesor na representación do distrito dende as eleccións de 1891 foi o xenro Benito Calderón Ozores; o pasamento deste ao ano seguinte, en 1892, fixo que Montero “colocase” outro dos xenros como representante do distrito a partir das eleccións de 1893, o futuro sucesor como xefe do *monterismo* Manuel García Prieto. Pero o feito de que García Prieto acadase o marquesado de Alhucemas en 1911 e a oferta dun escano de senador vitalicio fixo que a representación pasara ás mans dun dos fillos do xurisculto, Eugenio Montero Villegas, que viña de representar Muros e pasou a representar Santiago entre 1912 e 1917, ano do seu pasamento. Neste momento o distrito pasou a ser ostentado por un *monterista* da terceira xeración, Manuel Sáinz de Vicuña, entre 1918 e 1919; era xenro de García Prieto e neto político de Montero.

Santiago foi, polo tanto, o distrito *monterista* por excelencia, clave da estratexia política de Montero en Galicia, a base da súa complexa trama clientelar; un exemplo absoluto de “distrito enfeudado” por unha das “plataformas políticas” que viñan facer as funcións de partidos políticos na etapa da Restauración.

2. O distrito de Arzúa estivo representado por un recoñecido sagastino entre 1876 e 1898, Benito María Hermida y Vereá, o fidalgo de Andrade. Este personaxe, un cacique de rango local que non formou familia clientelar a pesar de manterse na política tres décadas, foi o que se enfrontou dentro do partido a Montero polo control da deputación provincial. Algúns anos despois do seu pasamento de novo a figura dun liberal, Ramón Sanjurjo Neira y Pardiñas, pasou a ser o deputado polo distrito entre 1907 e 1919; este personaxe fora concelleiro de Santiago, cidade natal do seu pai, en varias ocasións dentro do tecido *monterista* da cidade.

3. O distrito de Muros estivo representado por un dos fillos de Montero Ríos, Eugenio, entre 1899 e 1912, ano no que pasa a substituír a García Prieto na representación por Santiago. Este fora un dos distritos alternativos onde non había un deputado “enfeudado” polo que fora escollido pola familia para asignarllo a un dos membros, neste caso Eugenio Montero Villegas. Dende o ano 1919, porén, é a familia Bugallal a que se fai co control do distrito, confirmando así a consolidación e influencia dos conservadores na etapa final da Restauración máis aló dos seus feudos orixinais (sur de Pontevedra). O mesmo Vicente Risco dá esta impresión de retroceso do partido liberal en Galicia a partir do pasamento de

Montero (1914): “ganando el [partido] conservador [...] las tres cuartas partes de nuestro territorio”¹³.

4. O distrito de Ortigueira estivo representado por Juan Fernández Latorre, propietario e director de *La Voz de Galicia*, entre 1891 e 1910. Este militar republicano aproximárase a Montero e á familia Maciñeira, os *monteristas* do distrito, para poder acadar a representación da acta. Nas eleccións de 1911 foi escollido por Ortigueira e pola Coruña, aceptando finalmente a segunda das representacións.

5. O distrito da Coruña: tras o pasamento de Aureliano Linares Rivas, o seu deputado entre 1881 e 1901, este escano foi ostentado por diferentes personaxes e entre eles destacaron dous *monteristas*: Fernández Latorre, entre 1911 e 1912, e José María Ozores de Prado, vencellado primeiro a Montero e logo a García Prieto, que representou a acta entre 1914 e 1923.

Para o caso da provincia de Pontevedra, Montero Ríos fora unha das primeiras figuras liberais en sobresaír, cunha traxectoria que comezara xa no Sexenio. Fora elixido deputado por esta provincia entre 1869 e 1871. Viñeron logo Riestra e Vega de Armijo. Entre os adversarios destacaron Elduayen, verdadeiro representante dos conservadores xa dende o Sexenio, e os Bugallal. Dende os inicios da Restauración sobresaíu tamén un importante núcleo republicano na capital da provincia e as asociacións agrarias dende finais do século XIX e comezos do XX. Elduayen tiña obsesión por rematar co liderado da plataforma *riestrista* e isto levouno a entrar en contacto con outros liberais contrarios á liña de Riestra como foi o caso do *monterista* Álvarez Giménez. Unha vez que Elduayen vai a Madrid, a súa representación pasa a ser substituída polo conservador Raimundo Fernández Villaverde, que era ademais amigo persoal de Riestra e mantiña boas relacións tamén cos González Besada e os Bugallal.

A complexidade da xeografía da influencia na provincia de Pontevedra viña determinada tamén polo feito de que existía unha gran rivalidade entre as distintas faccións encabezadas por Montero Ríos e por Antonio Aguilar y Correa, marqués de la Vega de Armijo, a partir sobre todo do momento no que Montero desprazara o marques no distrito de Pontevedra dende 1884, do que fora representante dende 1871; dende este momento Vega de Armijo pasa a representar un dos distritos por excelencia da familia Riestra, A Estrada.

A rivalidade entre Montero e o marqués era constantemente observada por Riestra. O marqués de la Vega de Armijo iniciara a súa formación política antes xa do sexenio, en concreto no ano 1854, ao acadar a súa primeira acta por Córdoba; fora tamén ministro de Fomento e de Gobernación. A partir de que en 1881 Sagasta o nomea ministro consolídase como home de prol da Restauración pero

13 Risco 1981: 203.

a súa discreción levouno a non ser quen de formar unha trama clientelar semellante á de Montero Ríos. O marqués de Riestra era o que exercía de árbitro entre os dous personaxes e era ademais íntimo amigo de Montero, compañeiros nas Constituíntes de 1869. Tentou sempre suavizar asperezas entre os representantes do liberalismo, ademais de recrutar xente, mesmo entre os conservadores e o clero para as filas *monteristas*¹⁴. En 1885 tivo lugar un banquete na Caeira, no predio da familia Riestra, onde os dous personaxes enfrontados chegaron a un acordo amigable dos “feudos” pero que non excluía a competitividade entre as súas respectivas bandeirías, que na maior parte dos casos eran protagonizadas por pequenos caciques e faccións locais, baixo esa mesma arbitrase de Riestra¹⁵. Os Riestra foron unha curiosa familia política que, se ben tivo sempre vinculación co grupo liberal, tamén dialogaba cos conservadores para sacar unha candidatura de seu:

1. O distrito da capital, Pontevedra, foi un escano moi desexado por Montero; de feito, a súa primeira acta como deputado foi a representación pola provincia de Pontevedra entre 1869-1871. Unha vez que desprazou o marqués de la Vega de Armijo a “colocación” de Juan Manuel Landa Pérez como deputado do distrito en 1884 foi unha solución transitoria adoptada pola *plataforma monterista* mentres non enfeudaba o distrito noutro dos xenros de Montero, Eduardo Vincenti, dende 1886 e ata 1923.

2. O distrito de Cambados tamén tivo unha representación *monterista* a través dun fillo de Montero, Eugenio Montero Villegas, deputado a partir de 1898, momento no que queda vacante polo falecemento do seu titular dende 1893, Antonio Díaz de Rábago Aguiar. Eugenio mantén a representación ata o ano seguinte, 1899.

3. O distrito de Lalín: Montero colocou dende 1910 un “cunero” de orixe aragonesa, Ángel Álvarez, un personaxe que fora pasante do seu bufete de avogado e logo do de García Prieto. Mantívose á fronte deste distrito ata 1918, momento no que é substituído polo xenro de García Prieto, Manuel Sáinz de Vicuña, entre 1919 e 1923 e unha vez que este perde a representación de Santiago.

4. O distrito de Tui foi un caso un tanto atípico. A familia Ordóñez, de condición *romerista*, era a que tiña o poder; Ezequiel Ordóñez foi o deputado polo distrito entre 1879-1903. Pero este distrito litoral precisaba de alguén que fixese sentir as súas inqedanzas no Parlamento, polo que empresarios representativos da zona como os Massó e os Tapias se aproximaron a Montero Ríos entre 1903 e 1905; pero foi finalmente Urzáiz, o deputado indiscutible de Vigo entre 1893 e

14 Durán 1986: 255, 270 e ss.

15 Para coñecer a influencia que os Riestra exercían na provincia de Pontevedra, véxase a obra de: Taboada Moure, Pablo (1987): *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra, 1836-1923*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.

1923, o seu máximo representante. Urzáiz y Cuesta formárase como sagastino, achegouse despois a Montero e remata no *maurismo*. Con Montero como Presidente do goberno (1905) foi nomeado ministro de Facenda.

Os tentáculos da trama *monterista* chegaron incluso á provincia de Lugo, onde tamén exerceu poder nalgúns distritos:

1. O distrito de Mondoñedo: entre 1871 e 1899 estivera “enfeudado” polo liberal Cándido Martínez Montenegro pero tras o seu pasamento, Montero “apropiou” da representación desta acta colocándolla a outro dos fillos, Andrés Avelino Montero Villegas, que representa o distrito ata 1916, momento no que foi nomeado senador pola provincia.

2. O distrito da Fonsagrada, onde Manuel Portela Valladares acadou a representación en 1905 da man de Montero Ríos e onde chegou a ter moita forza a partir da súa actividade agrarista e do apoio que lle vai prestar despois Canalejas. Isto levouno a un distanciamento do *monterismo*, sobre todo dende 1910, intre no que é nomeado Gobernador civil de Barcelona. Tras o pasamento de Canalejas dedicouse aos seus negocios e seguiu a representar o distrito da Fonsagrada ata 1923, momento no que se achega aos liberais liderados por García Prieto e remata por ser nomeado ministro de Fomento.

Para o caso da provincia de Ourense Montero tamén colocou e formou un adicto á súa “plataforma política” no distrito da capital da provincia:

1. O distrito de Ourense foi onde pouco a pouco Vicente Pérez y Pérez fora collendo parte do protagonismo que ata entón tiña o representante liberal, Adolfo Merelles Caula. Este, ao ver a progresión e éxito de Vicente Pérez a partir do apoio de Montero, optou por aproximarse aos conservadores. Pérez y Pérez “enfeudou” así coa bandeira *monterista* o distrito dende 1872 a 1919.

Reflexións finais

1. A “plataforma política” do *monterismo* artellouse a partir dunha serie de elementos non moi diferentes doutras formacións na España da Restauración: un *leader* con ambición política e que con anterioridade á Restauración contaba xa cun sólido prestixio profesional en Madrid, onde destacara como político do Dereito na etapa do Sexenio; a partir de 1886 xa é unha figura da política estatal e dende este momento pasa a ser un dos máximos representantes da simbiose entre “gran cacique” e liderado político.

Pero a estrutura do poder construída por Montero tendeu a dexenerar na xestión dese mesmo poder, rematando no *affaire* puro e simple: aproveitaba a presenza dos homes fieis nos postos clave da administración pública para favorecer os amigos, excluindo a todo aquel que se declarase alleo ou aos que se consideraban elementos perigosos para o sistema.


2. A realidade da dinámica política compostelá vén confirmar as teorías que apuntan como na práctica o poder se construíu dende os ámbitos provinciais. Tratábase de formacións que contaron coa suficiente forza como para garantir a estabilidade política a nivel local e mesmo impedindo a aplicación do bipartidismo, que era unha das claves do sistema, polo menos en condicións de igualdade entre conservadores e liberais. En Santiago houbo un predominio do partido liberal a partir da manifestación do *monterismo*, convertendo o partido conservador nunha forza secundaria e mesmo marxinal. Esta anomalía na aplicación da quenda, para nada exclusiva de Compostela, revélanos que o mecanismo “turnista” non dependía tanto da alternancia no Goberno central como das esixencias de organizacións fortes nos ámbitos locais, que se aceptaban en tanto non constituían unha ameaza para o fundamento do sistema e incluso eran un freo para o desenvolvemento de novas forzas políticas.

3. O clientelismo vén ser un factor retardario no proceso de secularización e racionalización cara á democratización da sociedade occidental pero, ao mesmo tempo, tamén lle hai que conceder esa función estabilizadora da vida política e mesmo integradora para superar a etapa final do liberalismo, se ben é certo que por medio dunhas vías ambiguas, opacas e que remataron por provocar disfuncións no sistema.

Bibliografía


- BAINES, Dudley (1995): *Emigration from Europe 1815-1930*, Cambridge, University Press.
- BEVILACQUA, Piero; CLEMENTI, Andreina de; e FRANZINA, Emilio (2001): *Storia dell'emigrazione italiana*, Roma, Donzelli.
- BRIQUET, Jean Louis e SAWICKI, Frédéric (dirs.) (1998): *Le clientélisme politique dans les sociétés contemporaines. Politique d'aujourd'hui*, París, PUF.
- CARASA SOTO, Pedro (2001): “Castilla y León”, en Varela Ortega, José (dir.), *El poder de la Influencia. Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*, Madrid, Marcial Pons – Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, pp. 175-235.
- CAZORLA PÉREZ, José (1995): “El Clientelismo de partido en la España de hoy. Una disfunción de la democracia”, *Revista de Estudios políticos*, 87, pp. 35-51.
- CRUZ ARTACHO, Salvador (1996): “Estructura y conflicto social en el caciquismo clásico. Caciques y campesinos en el mundo rural granadino (1890-1923)”, en Robles Egea, Antonio (comp.): *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XIX.
- DURÁN, José Antonio (1986): *Crónicas. Conflictos de hoy, historias románticas y diarios modernos*, Madrid, Akal, vol. 4.

- DUVERGER, Maurice (1961): *Los partidos políticos*, México, Fondo de Cultura Económica.
- GRAZIANO, Luigi (1984): *Cientelismo e sistema político. Il caso dell'Italia*, Milano, Franco Angeli.
- HANLEY, David (2002): *Party, Society, Gouvernement. Republican Democracy in France*, New York-Oxford, Berghahn Books.
- HUARD, Raymond (1996): *La Naissance du Parti politique en France*, París, Presses de Sciences Politiques.
- JOVER ZAMORA, José María (1963): *Introducción a la Historia de España*, Barcelona, Teide.
- MORENO LUZÓN, Javier (1995): “Teoría del clientelismo y estudio de la política caciquil”, *Revista de Estudios Políticos*, 89, pp. 191-224.
- NOIRET, Serge (1994): *La nascita del sistema dei partiti nell'Italia contemporanea. La proporzionale del 1919*, Manduria-Bari-roma, Piero Lacaita.
- POMBENI, Paolo (1992): *Introducción à l'histoire des partis politiques*, París, PUF.
- POMBENI, Paolo (1986): *La trasformazione politica nell'Europa liberale, 1870-1890*, Bologna, Il Mulino.
- QUAGLIARELLO, Gaetano (1990): *Il Partito politico nella Belle Époque. Il dibattito sulla forma-partito in Italia tra '800 e '900*, Roma, Guiffrè.
- RISCO, Vicente (1981): “El problema político de Galicia”, en Bobillo, Francisco Javier: *Vicente Risco. Obra completa. Teoría nacionalista*, Madrid, Akal, p. 203.
- RUBÍ, Gemma e FERRÁN TOLEDANO, LLuís (1993): “A propòsit de la hitòria social crítica alemanya”, *L'Avenç*, 170 (maio), pp. 44-47.
- SECO SERRANO, Carlos (2000): *Historia del conservadurismo español*, Madrid, Temas de Hoy.
- SIMON-ÉKOVICH, Francine (1987): “Recherche sur la nature des machines politiques aux États-Unis”, en *Droit, institutions et système politiques. Mélanges offerts à Maurice Duverger*, París, PUF, pp. 445-466.
- TABOADA MOURE, Pablo (1987): *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra, 1836-1923*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- ULLRICH, Hanns (1985): “Parlamentari, partiti, elezioni nell'Italia liberale”, en Brigalia, M.: *L'Origine di partiti nell'Europa contemporanea (1870-1914)*, Bologna, Il Mulino.
- VILLARES PAZ, Ramón (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Col. A Nosa Diáspora.
- YÁNEZ GALLARDO, César (1993): *La emigración española a América: siglos XIX y XX. Dimensión y características cuantitativas*, Colombres, Archivo de Indianos.
- ZAMORA, José María (1963): *Introducción a la Historia de España*, Barcelona, Teide.


ANEXO: Mapas dos distritos *monteristas* en Galicia (1864-1915)MAPA 1: Distritos *monteristas* entre 1864-1881

Fonte: elaboración propia

MAPA 2: Distritos *monteristas* entre 1881-1898/1899



Fonte: elaboración propia

MAPA 3: Distritos *monteristas* entre 1898-1910/1915 aprox.

Fonte: elaboración propia